



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 12 DE MAIO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b></p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p><b>Secretario Xeral</b></p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día doce de maio do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 5 de abril de 2016.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 10/06/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 286.484,70 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.






### B) PROPOSTAS DE GASTO.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	10/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 3.500 carpetas de expediente (15.500+2.000) e outro material de oficina para o departamento de Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	870,89 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición e montaxe de 2 cubertas de roda para eixe dianteiro da pala excavadora JBC – E2581BFT		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEUMÁTICOS TINO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEUMÁTICOS TINO, S.L.		
NIF/CIF:	B15244619		
Importe (IVE incluído):	993,26 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	10/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 60 carteis, 200 programas, 80 diplomas e 80 gafas de sol, co motivo do acto de fin de curso 2015-2016 da Escola Municipal de Ballet		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	405,00 €		
Observacións			





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	4	Data	10/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de asistencia técnica de iluminación e son, co motivo do acto de fin de curso 2015-2016 da Escola Municipal de Ballet		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE incluído):	353,32 €		
Observacións			

Nº Proposta	5	Data	10/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Sesión fotográfica e impresión de lona para roller, co motivo do acto de fin de curso 2015-2016 da Escola Municipal de Ballet		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LESMESS FOTÓGRAFOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LESMESS FOTÓGRAFOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15974751		
Importe (IVE incluído):	211,75 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	09/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de plantas de tempada para varias zonas axardinadas municipais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B15847460		
Importe (IVE incluído):	1.259,12 €		
Observacións			

Nº Proposta	7	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de vixilancia da saúde para empregados municipais (146 recoñecementos médicos e 49 análises hepatite B)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.
Informe:			





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego


Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.
NIF/CIF:	B70055504
Importe (IVE incluído):	5.053,00 €
Observacións	

Nº Proposta	8	Data	04/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de autobús a Vedra para participar a Coral Polifónica de Riveira no concerto anual de corais.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A. SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A. SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE incluído):	297,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	9	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de monitorado e ambientación musical de parque de inchables en Oleiros o 15/05/2016		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. - FERNANDA CORES CES
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE incluído):	147,60 €		
Observacións			

Nº Proposta	10	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do Trío Danubio en Oleiros o 15/05/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VERÓNICA BLANCO RODRÍGUEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VERÓNICA BLANCO RODRÍGUEZ		
NIF/CIF:	35631000K		
Importe (IVE incluído):	363,00 €		
Observacións			





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	11	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Disparo de bombas de palenque, co motivo da celebración das Festas da Guía en Carreira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE incluído):	484,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	12	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación de grupo de gaitas, co motivo da celebración das Festas da Guía en Carreira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN CULTURAL O RUEIRO DOS FILLOS DE PALMEIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN CULTURAL O RUEIRO DOS FILLOS DE PALMEIRA		
NIF/CIF:	G15801574		
Importe (Exento IVE):	250,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	13	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de monitorado en parque de inchables, co motivo da celebración das Festas da Guía en Carreira		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. - FERNANDA CORES CES
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE incluído):	147,60 €		
Observacións			

Nº Proposta	14	Data	06/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación da orquestra Miramar, co motivo da celebración das Festas da Guía en Carreira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MONTAJES MIRAMAR, S.L.
Informe:			





PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	MONTAJES MIRAMAR, S.L.
NIF/CIF:	B36416626
Importe (IVE incluído):	2.057,00 €
Observacións	

#### ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

#### 1.- ACHEGAS PARA PROMOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL. EXERCICIO 2015.

Vista a proposta presentada pola Comisión Avaliadora para as achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2015, de data 04/02/2016, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2015.

Visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos), de data 09/05/2016 – Expediente: Achegas para a promoción de actividades desenvolvidas na área de acción social.Exercicio 2015.

Vista a documentación que obra no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


Aprobar o pagamento de achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2015, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:


#### A) ASOCIACIÓNS DE MAIORES

ENTIDADE	Importe da ACHEGA
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIVEIRA	706,25 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE AGUIÑO	706,25 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE CORRUBEDO	543,48 €
CENTRO SOCIAL, CULTURAL E RECREATIVO SANTA UXÍA	543,48 €

#### B) ASOCIACIÓNS DE DIVERSIDADE FUNCIONAL

ENTIDADE	Importe da ACHEGA
ASOCIACIÓN AMICOS	1.653,07 €
ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	2.000,00 €
ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA	2.000,00 €





## 2.- ACHEGAS PARA PROMOCIÓN ACTIVIDADES CULTURAI 2015.

Visto o informe presentado pola Comisión Avaliadora para as achegas destinadas á Promoción de Actividades Culturais 2015, de data 08/04/2016, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das achegas destinadas á Promoción de Actividades Culturais 2015.

Visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos), de data 09/05/2015 – Expediente: Achegas para a realización de actividades culturais.Exercicio 2015.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

A) Aprobar o pagamento de achegas destinadas á Promoción de Actividades Culturais 2015, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:


ENTIDADE	Importe da ACHEGA
ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E PRESTADORA DE SERVIZOS Á MOCIDADE DE CARREIRA	430,21 €
CENTRO RECREATIVO DE ARTES	994,50 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA	803,25 €
ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO	612,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL FLOR DE TOXO	398,39 €
ASOCIACIÓN SANTÍSIMO DE PALMEIRA	879,75 €
CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE RIVEIRA	926,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL AIRES DE DORNA	1.147,50 €
ASOCIACIÓN C.R.V. FRANCISCO LORENZO MARIÑO	1.259,53 €
SOCIEDADE INSTITUCIONAL FILLOS DE PALMEIRA	1.224,00 €
R. e I. COFRADÍA DA DORNA	726,00 €
ASOCIACIÓN FOTOGRÁFICA OLLO DE PEIXE	603,80 €
COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA BARBANZA	0,00 €
ASOCIACIÓN PEDRA DE PIDRE	0,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ALFAIA	0,00 €
ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL BANDOURRÍO	0,00 €
ASOCIACIÓN CULT. RECREATIVA HABANA-RIVEIRA	0,00 €


B) As entidades con resolución de “0,00” do anterior cadro resumo: A falta de documentación xustificativa de gasto/pago procede o arquivo da solicitude.

### EXPEDIENTES DE FRACCIONAMENTO DE PAGO.

### FRACCIONAMENTO DE PAGO A ISABEL MONTEMUIÑO ROMAY

Expediente: 2016-00000011





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Visto o escrito presentado por **Isabel Montemuiño Romay**, de data 11/05/2016 (Rexistro de entrada nº 5.512), no que solicita o fraccionamento de pago de liquidación tributaria.

Visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Tesourería Municipal, de data 11/05/2016.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, de conformidade ca citada proposta de resolución, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMERO.-** CONCEDER o aprazamento/fraccionamento solicitado, con aceptación provisional da garantía aportada, e liquidar o xuro de demora desde o día seguinte ao fin do periodo voluntario ata a data de vencemento do prazo concedido ou, no seu caso, de cada fracción de débeda, de acordo co artigo 53 do Regulamento Xeral de Recadación, establecéndose como prazos e cantidades a ingresar os seguintes:


Fracción	Vencemento	Importe fracción
01	05/06/2016	84,23 €
02	05/07/2016	84,23 €
03	05/08/2016	84,23 €
04	05/09/2016	84,23 €
05	05/10/2016	84,23 €
06	05/11/2016	84,23 €
07	05/12/2016	84,23 €
08	05/01/2017	84,23 €
09	05/02/2017	84,23 €
10	05/03/2017	84,23 €
11	05/04/2017	84,23 €
12	05/05/2017	84,23 €

**SEGUNDO.-** Notificar ao/á interesado/a o acordo anterior, advertíndolle que:

- 1.- Nos aprazamentos a falta de pago das cantidades aprazadas na data do seu vencemento, determinará a súa inmediata esixibilidade, en vía de apremio. Esixirase o apremio do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e o recargo do periodo executivo sobre a suma de ambos conceptos.
- 2.- Nos fraccionamentos, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase a correspondente providencia de apremio, co recargo







executivo sobre a suma de ambos conceptos e de non producirse o ingreso das cantidades anteriores se considerarán vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de apremio.

3.- De conformidade co establecido no artigo 52.2 do Regulamento Xeral de Recadación:

- a) Os pagos que o Concello deba realizar ao obrigado durante a vixencia do presente acordo quedarán afectos ao cumprimento do aprazamento. A tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que surta os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, aínda cando esto poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen perxuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.
- b) O mantemento e eficacia do presente acordo queda condicionado a que, durante a súa vixencia, o interesado se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

#### MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

##### Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 1/16:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 11/05/2016 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 1/16**, co motivo da resolución de data 02/05/2016 do Director Xeral de Administración Local –Consellería de Presidencia- polo que se concede unha subvención ao Concello de Riveira para a actuación denominada “Pavimentación da estrada de Lixó (Oleiros)”, e de acordo co seguinte detalle:

##### XC 1/16

Partida de gasto		
Clasificación por programas	Clasificación económica	Aumento
453	619.07	39.881,10 €
<b>Total</b>		<b>39.881,10 €</b>
Concepto de ingreso		
750.80		39.881,10 €
<b>Total</b>		<b>39.881,10 €</b>

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 11/05/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Xeración de Crédito 1/16**, proposta pola Alcaldía.





### III.- CONTRATACIÓN.

#### APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE RENTING, SEN OPCIÓN A COMPRA, DE MATERIAL CARDIOVASCULAR E DE MUSCULACIÓN PARA O XIMNASIO DO COMPLEXO DEPORTIVO "A FIEITEIRA".

Visto o expediente que se tramita para contratar a subministración mediante renting, sen opción a compra, de material cardiovascular e de musculación para o ximnasio do complexo deportivo "A Fieiteira".

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar a contratación, asinada polo xerente de actividades deportivas Miguel Ruiz Rivas na data 02/05/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2.- Prego de prescricións técnicas redactado polo xerente de actividades deportivas Miguel Ruiz Rivas na data 02/05/2016, cunha duración do contrato de catro anos, non prorrogables, e cun orzamento total por contrata de 80.000,00 euros (valor estimado do contrato: 66.115,70 euros; IVE 21%: 13.884,30 euros).
- 3.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 11/05/2016.
- 4.- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 11/05/2016 (número de operación 2016 22006701), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 342 20300.
- 5.- Informe xurídico emitido polo secretario Juan Manuel Salguero del Valle na data 11/05/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 6.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 11/05/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.


O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 9 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110, 115 e 116 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co*





artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.**- Aprobado o expediente de contratación da subministración mediante renting, sen opción a compra, de material cardiovascular e de musculación para o ximnasio do complexo deportivo "A Fieiteira" cunha duración do contrato de catro anos, non prorrogables, e cun orzamento total por contrata de 80.000,00 euros (valor estimado do contrato: 66.115,70 euros; IVE 21%: 13.884,30 euros)

**SEGUNDO.**- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 20300.

**TERCEIRO.**- Aprobado o Prego de prescricións técnicas redactado polo xerente de actividades deportivas Miguel Ruiz Rivas na data 02/05/2016.

**CUARTO.**- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria.

**QUINTO.**- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.

**SEXTO.**- Conforme establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ó tratarse dun contrato que non está suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Perfil de Contratante do Concello (artigos 142 e 53 do TRLCSP).

#### **IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

#### **V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


#### **VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

1.- Vistos os escritos presentados por **Frinsa del Noroeste, S.A.**, de datas 10/03/2016 e 02/05/2016 (Rexistros de entrada nº 2.359 e 5.067), nos que solicita licenza de obras para ampliación da Estación de Depuración de Augas Residuais (EDAR) existente na industria FRINSA DEL NOROESTE S.A., sita no Polígono Industrial







de Xarás, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A938015780000UU.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 03/05/2016, no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 09/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 09/05/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** á entidade FRINSA DEL NOROESTE S.A. **LICENZA DE OBRAS (Nº 27/16)** para **AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR)**, existente na industria FRINSA DEL NOROESTE S.A., sita no Polígono Industrial de Xarás, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A938015780000UU, nos termos do Proxecto Básico de ampliación da E.D.A.R. de abril de 2016 redactado por Carmen Lousame López:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*
- *Unha vez presentada a anterior documentación, e en fase de execución de obra deberán xestionarse adecuadamente os residuos de acordo ao establecido na normativa aplicable: Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados...*
- *Suxírese a reutilización das terras e pedras non contaminadas por sustancias perigosas na mesma obra, nunha obra distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo. Neste caso, deberase acreditar de forma fidedigna o seu destino.*
- *Realizarase un control rigoroso dos traballos para evitar posibles vertidos, accidentais ou provocados, ou depósitos incontrolados de residuos.*
- *Balizarase temporalmente o ámbito de actuación para garantir as condicións de seguridade no entorno do recheo e para evitar a afección sobre superficies anexas non incluídas no ámbito.*
- *Unha vez finalizada a actuación restauraranse os viais que poidan resultar afectados.*
- *Adoptaranse medidas para evitar a contaminación atmosférica por partículas derivada dos traballos de escavación, recheo e compactación de terras. Exemplo: adición de auga sobre accesos e sobre o terreo.*
- *Adoptaranse medidas para asegurar a estabilidade dos depósitos efectuados.*
- *Adoptaranse medidas para previr a contaminación das augas superficiais e subterráneas.*







- *Adoptaranse medidas para evitar a posible erosión por escorrentía concentrada e por escorrentía difusa.*
- *Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais de produtos e/ou substancias contaminantes que poidan ocasionar contaminación do solo por infiltración ou contaminación das augas por escorrentía.*
- *Adoptaranse medidas para adecuar as formas xeométricas ao entorno e integrar na paisaxe o terreo afectado pola actuación.*
- *Adoptaranse medidas correctoras para evitar afección sobre fincas lindeiras.*

**Segundo.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*







- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a reponer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


**2.-** Vistos os escritos presentados pola **Comunidade de Propietarios Avda. Malecón nº 49**, de datas 04/05/2015, 21/03/2016 e 23/03/2016 (Rexistros de entrada nº 4.501, 2.942 e 3.086), nos que solicita licenza de obras para substitución de cuberta en edificio existente na Avda do Malecón nº 49, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0719301NH0101N.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 03/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 05/05/2016, por unanimidade dos presentes,  
**ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** á **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA DO MALECÓN Nº 49 LICENZA DE OBRAS (Nº 28/16)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA** en edificio existente na Avda do Malecón nº 49, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0719301NH0101N, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 14.3.16 redactado por Sergio Lucio Paniccia.

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*







**Segundo.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*







- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- Visto o escrito presentado por Susana Rodríguez Carballo, D.X. Desenvolvemento Pesqueiro actuando en nome e representación da **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**, de data 12/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.117), no que solicita licenza de obras para levar a cabo a demolición da aula taller da escola náutico pesqueira de Riveira e construción dunha zona anexa á mesma que servirá para o mesmo uso sita na Praia de Coroso s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007011960001LM.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 02/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 03/05/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


**Primeiro.- CONCEDER** á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR **LICENZA DE OBRAS (Nº 29/16)** para levar a cabo a **DEMOLICIÓN DA AULA TALLER DA ESCOLA NAÚTICO PESQUEIRA DE RIVEIRA E POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DUNHA ZONA ANEXA Á MESMA QUE SERVIRÁ PARA O MESMO USO**, sito na na Praia de Coroso s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007011960001LM, nos termos do Proxecto Básico de xuño de 2015 redactado polo arquitecto Óscar Pidre Mosquera e do Informe Xeotécnico visado polo Colexio Oficial de Xeólogos de Andalucía de data 3 de xullo de 2014 redactado pola empresa Ingeofisa.


**Segundo.-** Someter o expediente ao Pleno da Corporación aos efectos de bonificación de taxas municipais.

**Terceiro.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Cuarto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


*A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de*






*seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*





- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Quinto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asímismo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asímismo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Sétimo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Oitavo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Noveno.-** Asímismo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





4.- Visto o escrito presentado por **José Ángel González Fernández**, de data 22/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.674), no que solicita licenza de obras para construción de piscina privada en parcela con refª catastral nº 15074A039003970000KA sita no lugar de Segó nº 17, Artes, Riveira.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 03/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 06/05/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


**Primeiro.- CONCEDER** a José Ángel González Fernández **LICENZA DE OBRAS (Nº 30/16)** para **CONSTRUCCIÓN DE PISCINA PRIVADA** en parcela con refª catastral nº 15074A039003970000KA sita no lugar de Segó nº 17, Artes, Riveira, nos termos do Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 1.4.16 redactado por Raquel Barros Fernández.

**Segundo.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*






- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados





como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### **5.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A AUTORIZACIÓN DE CONSTITUCIÓN DE DIVISIÓN HORIZONTAL.**

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.*

*REFª CATASTRAL: 0817002NH0101N0003RH.*

*SITUACIÓN: Rúa de Galicia nº 49, (antes Avda General Franco nº 25), Riveira.*

*PROMOTOR/A: Jenaro Fernández Méndez*


*DOCUMENTACIÓN: Escritura de aceptación de herencia / Copia de Certificado Fin de Obra / Copia do recibo do I.B.I.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Por Jenaro Fernández Méndez, solicitábase en escritos rexistrados de entrada nas datas 6.4.16 e 8.4.16, (Rexistro de entrada nº 3.704 e 3.930), licenza de innecesiedade para a realización de división horizontal do edificio sito na Rúa





Concepción Arenal nº 1 con refª catastral nº 0817001NH0101N0001HF, achegando coa solicitude Escritura de aceptación de herencia, Copia de Certificado Fin de Obra, Copia do recibo do I.B.I.

2.- Posteriormente por Jenaro Fernández Méndez, preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 21.4.16, (Rexistro de entrada nº 4.597), corrección dos anteriores escritos e solicitude de autorización para constitución da división horizontal do inmueble.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A parcela na que se atopa a edificación que nos ocupa clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA.**

**Segundo.-** O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LOUG), dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**Terceiro.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.


Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Escritura de aceptación de herencia asinada pola notario Mª Covadonga Vázquez López, Copia de Certificado Fin de Obra, Copia do recibo do I.B.I.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.







**Cuarto.-** O artigo 145 da LOUG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**Quinto.-** A Lei de de propiedade horizontal ten por obxecto a regulación da forma especial de propiedade establecida no artigo 396 do Código Civil, que se denomina propiedade horizontal.

Estabelece a Lei 49/1960 de 21 de xullo de propiedade horizontal nos termos da modificación introducida polo Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana que, requirirán autorización administrativa en todo caso a constitución e modificación do complexo inmobiliario.


**Sexto.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.


Polo anteriormente exposto, vista a Escritura de aceptación de herencia e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/05/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER a Jenaro Fernández Méndez a AUTORIZACIÓN PARA CONSTITUCIÓN DE DIVISIÓN HORIZONTAL do complexo inmobiliario sito en parcela con refª catastral nº 0817002NH0101N0003RH na Rúa de Galicia nº 49, (antes Avda General Franco nº 25), Riveira.**

**Segundo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Sara Gago Graña**, de data 03/05/2016 (Rexistro de entrada nº 5.144), no que solicita certificación de lindes de finca situada en Bretal – Olveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 05/05/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A940014700000UI

Solicítase certificación de que a finca arriba mencionada linda con dúas vías públicas.

Persoados os Servizos Técnicos Municipais na finca, infórmase que linda polo Norte coa AC-303, cuxo titular é a Xunta de Galicia, e polo Nordés polo camiño público nº 128 do inventario de camiños municipais, pendente de aprobación.


2.- Visto o escrito presentado por **José Ricardo García Iglesias**, de data 20/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.515), no que solicita certificado de terreo cedido en Rúa Cabasas – Riveira.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 10/05/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 0827423NH0102N0001RI

Solicítase certificación da superficie cedida a dominio e uso público dunha finca na Rúa Cabasas. Persoados os Servizos Técnicos no lugar, realízase unha medición “in situ” e se cotexa coa planimetría catastral, co que se pode informar que a finca, que ten fronte á Rúa Cabasas, recuouse o muro respecto da finca orixinal, arroxando unha superficie de 187,60 m<sup>2</sup> de perda, que sería a superficie cedida a dominio e uso público.

Achégase plano efectuado polos Servizos Técnicos Municipais.





**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 87/2015 remitida pola **Audiencia Provincial da Coruña – Sección Nº 2**, de data 27/04/2016, pola que se condena en xuízo oral e público (Procedemento Abreviado 87/2015) a Susana Romano Serantes e a Hervé Fernández Estévez como autores penalmente responsables de un delito de falsidade de documento oficial en concurso medial cun delito de estafa.


**SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS.**

**1.-** Vista a proposta presentada pola **Concelleira de Educación, M<sup>a</sup> Herminia Pouso Maneiro**, de data 11/05/2016, en relación á Orde do 31 de marzo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega. (DOG núm. 74, do 19/04/2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dinamización lingüística. A subvención solicítase para o mantemento do servizo lingüístico existente no Concello de Ribeira.





Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

2.- Vista a proposta do 5 de maio de 2016, presentada por **Fabiola García Martínez – Concelleira Delegada de Cultura**, na que solicita a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2016 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 14 do 22 de xaneiro de 2016), e que se transcribe:

*“Asunto: REDE CULTURAL 2016 .Selección de actuacións.*

*Fabiola García Martínez, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Riveira,*

**INFORMA:**

*Co obxecto de contribuir á difusión e á promoción da música, o folclore, o teatro, a danza, o cine e demais manifestacións artísticas e culturais na provincia á Deputación Provincial da Coruña vén de publicar no **Boletín Oficial da Provincia nº 14 de data 22/01/2016** a Convocatoria e bases para a participación na programación da **Rede Cultural para o ano 2016**.*


*Este programa contén os apartados que se relacionan:*


- **XXXIII edición do Programa de música e teatro para grupos non profesionais**
- **XXVIII edición do Programa de teatro e títeres para compañías profesionais**
- **XXIX edición do Ciclo de música para intérpretes profesionais**
- **X edición do Programa para compañía de danza profesionais e outras actividades**
- **I edición do Programa de cine**

*De conformidade co apartado 4 o concello de Riveira **pode solicitar 6 actuacións de grupos non profesionais e 4 de compañías ou grupos profesionais e programa de cine**, asumindo o 60 % do importe de cada actuación e o 40% restante á Deputación Provincial.*

**A participación neste programa conleva o cumprimento das seguintes obrigas:**

- **PARA OS GRUPOS INTERPRÉTES**, e que son establecidas **no apartado 4.4.-**  
(...)
  - b. Realizar as funcións nos lugares previstos.
  - c. Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
  - d. Expedir facturas legais polas funcións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da función.
  - e. Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello.
  - f. Deixar o local no estado en que o atoparon.
  - g. As proxeccións do Programa de cine só poderán realizarse en DCP (Digital Cinema Package) ou Blu-ray. O proxector deberá contar como mínimo cunha resolución FULL HD (1920 x 1080) e cunha potencia de 10.000 lumens. A pantalla terá como mínimo 4x2,5 metros.





*Para proxeccións en exterior, ademais, a empresa disporá de cadeiras para o público e equipo de son.*

*h. No Programa de cine, a empresa ten que contar coas autorizacións legais necesarias para exhibición pública das películas.*

- **PARA O CONCELLO**, e que son establecidas **no apartado 4.5.-**

(...)

*b. Proporcionar locais axeitados para a realización das funcións, de forma gratuíta.*

*c. Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.*

*d. Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material, condición non imprescindible no Programa de música e teatro para grupos non profesionais.*

*e. Realizar a publicidade das funcións.*

*f. Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das funcións.*

*g. Expedir documentos acreditativos da realización das funcións realizadas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.*

*h. No caso dos concellos, contratar as funcións que teñan adxudicadas.*

*i. Aboarlles aos grupos a porcentaxe do importe que lles corresponda e realizar, no caso de entidades, o pagamento no prazo de dous meses desde que o grupo presente a factura.*

*A Deputación poderá requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pago.*

*k. Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.*

*l. Aboarlle os gastos correspondentes á Sociedade Xeral de Autores de España.*

*m. Facer publicidade de que a función pertence á programación da Rede Cultural da Deputación. Esta poderá, se o considerar necesario, solicitar a xustificación da dita publicidade.*

- **PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL**, as establecidas **no apartado 4.6.-**

*a. Aboar a publicidade que a Deputación decida realizar.*

*b. No caso dos concellos, transferirlles o importe das funcións de acordo coas porcentaxes establecidas na base 3.3.*


*c. No caso das entidades e, de conformidade co establecido no parágrafo segundo da base 3.1, transferirlles aos grupos o importe das actuacións de acordo coas porcentaxes establecidas na base 3.3.*


*En ningún caso, a Deputación aboará a porcentaxe que lle corresponda aboar ás entidades ou aos concellos adxudicatarios.*

*d. A Deputación aboaralle ao grupo a súa porcentaxe, sempre que se acredite a realización da función, aínda no caso de que houbese algún incumprimento de carácter formal pola entidade solicitante.*

**De conformidade co apartado 8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO** establécese para os concellos:

### **8.1. Concellos**





- a. Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.
- b. A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 4.3) de cada unha das funcións, que poderán ser xustificadas de xeito individualizado.
- c. Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:
- \* Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa e, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 111 e 138.3 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
  - \* Acreditación da realización da función concedida: certificación ou informe
  - \* Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social. As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo Concello
- d. Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro pola cantidade aboada indebidamente.

**Apartado 6. da convocatoria) LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse telematicamente, a través da páxina web da Deputación da Coruña.


A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.


Aberto o prazo de solicitude de actuacións, publicado no BOP nº 75, de data 21/04/2016, prazo que vai das **00.00 horas do 22 de abril de 2016 ata ás 14.00 horas do 12 de maio de 2016**, e despois de consultado o dossier de variedades que se inclúen, **presentamos a selección de agrupacións artísticas e películas de cine que temos interese ofrezan o seu espectáculo /actuación nos diferentes programas culturais que organizamos ao longo do ano.**

Á vista desta selección e segundo establece o apartado 5.2 da convocatoria,

**SOLICITO:**

- ✓ Compromiso de facerlle fronte ás obrigas económicas derivadas destes programas
- ✓ Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria
- ✓ Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.
- ✓ Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagamentos das funcións."





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación á participación na programación da Rede Cultural para o ano 2016 da Deputación Provincial da Coruña segundo a proposta citada.

#### CAMBIO DE TITULARIDADE DE POSTO NA PRAZA DE ABASTOS DE RIVEIRA.

Visto o escrito presentado por **Verónica Bandín Jamardo**, de data 09/03/2016 (Rexistro de entrada nº 2.278), no que solicita autorización para o cambio de titularidade do posto nº 12 da Praza de Abastos Municipal de Riveira, dedicado á venda de flores e do que é titular, a favor de Eva Castro Lavandeira.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, vista a documentación que consta no expediente, e de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e tendo en conta que reúne a documentación necesaria para a utilización e uso da Praza de Abastos Municipal, **acorda**:

**Primeiro.-** Autorizar o cambio de titularidade do posto nº 12 da Praza de Abastos de Riveira a favor de **Eva Castro Lavandeira**.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certificado.

Riveira, 12 de maio de 2016

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle

